

## Obradoiros Máis Alá de lingua divertida



Para divertirse,  
para xogar,  
para soñar en roda...

**tagen**  
a t a  
LINGUA E COMUNICACIÓN

## Obradoiros Máis Alá de lingua divertida

*CACACHUP vaiche gustar,  
os teus dedos vas chupar.  
CACACHUP é o que mola máis,  
pídello xa aos teus pais.*

*Agustín Fernández Paz, Contos por palabras*

Este anaco de texto pretende representar a intención destes **obradoiros de lingua divertida** de crear para rapaces e rapazas **un espazo de ocio divertido**, sempre a rir e a xogar cos contos, coa maxia, coas viaxes do coñecemento, co grupo de amigos e amigas. Os obradoiros Máis Alá de lingua divertida pretenden ser un espazo de ocio educativo para o galego no tempo libre de rapazas e rapaces.

Estes obradoiros dirixidos a nenas e nenos do último ciclo de primaria teñen como un dos seus obxectivos básicos achegarlles a realidade sociolingüística que os rodea dun xeito lúdico e educativo. O coñecemento e a reflexión sobre o propio contorno é básica no desenvolvemento da persoa dentro do seu ámbito social e cultural. Así mesmo teñen a intención de conformar **grupos estábeis que ao longo do curso van creando un espazo de ocio divertido para o galego**.

En todas as actividades dos obradoiros estará presente a educación en valores: o ecoloxismo, a non discriminación respecto ao xénero, a participación social, o respecto ás diferenzas culturais ... E procurarase tamén **a relación co contorno e a participación coas persoas que os e as rodean na vida diaria**.

### Obxectivos

- ? Achegar ás nenas e nenos dos últimos anos de primaria (como franxa de idade fortemente desgaleguizada) a lingua galega.
- ? Crear espazos de relación social para as nenas e os nenos dentro dun marco lúdico e educativo en galego.
- ? Fomentar a educación en valores.
- ? Fortalecer as identidades persoais, grupais e colectivas.
- ? Difundir e valorar a diversidade cultural e lingüística como unha riqueza social.
- ? Traballar a sociocreatividade como técnica de grupo na actividade social.
- ? Optimizar a conciencia lingüística, a sensibilidade e as actitudes fronte á situación de minorización da lingua galega.
- ? Facer do espazo do obradoiro un motor en movemento do que entran e saen

dinámicas e iniciativas de participación en galego para a busca da súa dinamización social.

## **Metodoloxía**

A pedagogía é un dos eixes fundamentais das metodoloxías de traballo que están na base dos obradoiros. A innovación pedagóxica ten como finalidade crear actividades atractivas para as nenas e os nenos que poidan incentivar o seu interese e fomentar a súa motivación.

As nenas e os nenos teñen que ser axentes activos en todas as dinámicas de maneira que poidan desenvolver en boa medida as súas capacidades e habilidades. O fomento da creatividade ten tamén a finalidade de espertar a motivación e a implicación do grupo nos obradoiros.

- ? Traballo con técnicas de animación e dinamización sociocultural.
- ? Actividades de carácter lúdico e educativo.
- ? Fomento da creatividade das nenas e dos nenos como suxeitos das actividades.
- ? Aproximación a problemática sociolingüística ao contexto das nenas e dos nenos.
- ? Motivación e implicación dos nenos e das nenas no proceso normalizador da lingua.

As actividades dos obradoiros teñen maioritariamente un carácter grupal que fomenta a consolidación e a interrelación no grupo. Traballamos con xogos de carácter lúdico que xiran arredor da temática sociolingüística, do coñecemento, da diversión, dos contos e da maxia.

## **Contidos e desenvolvemento**

Os Obradoiros Máis Alá para os últimos anos de primaria desenvólvense ao longo de sesións de dúas horas unha vez á semana ao longo dos diferentes trimestres do curso.

Esta actividade que nace dun modelo de obradoiro trimestral e vaise estendendo ao longo do curso, primeiro duplicándose, xa que é froito dos anteriores obradoiros trimestrais de primeiro e segundo nivel, e logo, no terceiro trimestre, pode ter unha ampliación até o final do curso. Neste tempo de ampliación o obradoiro faise máis propio de cada lugar de celebración e tamén máis autónomo e consolidado. Así poderemos incluír actividades puntuais que se concretarán en cada espazo e contorno concretos.

## **Lingua e sociedade**

Neste primeira fase comezariamos a introducir as nenas e os nenos na reflexión sociolingüística.

Este primeiro nivel axudaría tamén a conformar grupos dinámicos de nenas e nenos interesados e implicados na normalización da lingua.

Consta de oito sesións de dúas horas de duración divididas en bloques temáticos.

1. A interacción entre linguas.
2. O caso galego.
3. Diversidade lingüística. O caso de Europa.
4. A descuberta dos prexuízos.
5. O proceso de normalización lingüística.

## **Lingua e participación**

Neste segunda fase dos obradoiros Máis Alá do último ciclo de primaria consolídase o grupo e afóndase no proceso de participación social que xa se iniciou no primeiro nivel. Consta tamén de oito sesións de dúas horas de duración divididas en diferentes bloques temáticos.

Inclúe unha saída na que o grupo levará fóra das aulas a súa experiencia normalizadora. Na saída, dun día de duración, interrelacionaranse grupos de diferentes obradoiros.

1. Diversidade lingüística e cultural.
2. A superación dos prexuízos.
3. A construción da identidade individual e social.
4. Participación social. A lingua como creación colectiva.
5. A lingua en acción: o mundo en galego.

## **Lingua e diversión**

Nesta última etapa de ampliación desde marzo até finais de curso a protagonista é a diversión. O espazo de ocio para a lingua está xa consolidado e no caso de continuar o obradoiro é o momento de afianzar a actividade.

Dinámicas de comunicación e participación entre os diferentes obradoiros, iniciativas de participación tamén dentro da propia comunidade de pertenza destes nenos e nenas, o traballo da sociocreatividade en grupo e da proxección social da mesma...

E teríamos que seguir enumerando dinámicas e contidos para esta fase de ampliación e xogo, de diversión e fantasía; na que esperamos traballar xa cun grupo estábel de diversión e ocio para a lingua.